

DOCUMENTACIÓN OBRADOIRO

BIBLIOTECA INCLUSIVA

RELATORA CHARO PITA

PALABRAS

CREAR UN DICCIONARIO CON PALABRAS INVENTADAS

Utilizar como exemplo o conto de Gianni Rodari, “O país do desdediante” que poderedes atopar no libro *Contos ao teléfono*. Hai edición tanto en galego como en castelán na Editorial Juventud.

Facer unha lista de sustantivos, unha lista de prefixos e unha lista de sufixos e combinalos a vontade, deixándonos sorprenden polas palabras tan increíbles que saen. Definir esas novas palabras dun xeito divertido e mesmo crear algún conto para elas ou utilízalas nalgunha historia.

NOTA

Déixovos aquí un enlace gratuíto con prólogo e 12 audiocontos do libro *Contos ao teléfono* en tradución de Xela Arias, na miña voz con música de Jorge Juncal e ilustracións de Bea Gregades, proxecto do Consello da Cultura Galega. Por mor dos dereitos de autor só estará dispoñible ata outubro de 2022.

<http://consellodacultura.gal/especiais/xela-e-gianni/index.php>

FACER UNHA ESCOLMA DE HISTORIAS DIVERTIDAS QUE TEÑAN QUE VER COA ORIXE DAS PALABRAS

Para isto deberíades facer unha busca de palabras interesantes a este nivel (lembrade a proposta que vos fixen: **tiovivo** (esta palabra sería en castelán, en galego carrusel) ou **caco**.

Déixovos aquí unha pequena escolma de dicionarios. Sinto decirvos que non atopei ningún en galego, pero aínda así, algunhas das palabras que conteñen son semellantes en ambas as dúas linguas:

Buitrago, Alberto: Diccionario del origen de las palabras, Espasa, 2004

Carlos Fisas: Palabras que tienen historia, editorial Planeta, 1995

Soca, Ricardo: El origen de las palabras, Rey naranjo editores, 2021 (como libro é unha beleza)

Celdrán, Pancraccio: Historia de las cosas, ediciones del Prado, 1995

CONTO

ESQUEMA DO CONTO TRADICIONAL

Dentro do esquema prototípico do conto tradicional: planteamento, nó e desenlace hai unha situación de equilibrio que de súpeto se rompe creando un conflito

- Protagonista.
- Un lugar o espazo de inicio.
- Un conflito.
- Un obxectivo.
- Un obstáculo ou un antagonista (tamén as dúas cousas son posibles)
- Un obxecto ou personaxe máxico (donante) que axuda o protagonista.
- Lugar ou espazo ao que se chega (pode ser o mesmo que o espazo de inicio)

O conflito e o obxectivo adoitan ir unidos. É dicir, se o conflito é unha enfermidade o obxectivo será conseguir unha medicina; se o conflito é un monstro que asola o reino, o obxectivo será desfacernos del.

PLANTEAMENTO

Presentamos o protagonista e o seu entorno. Ao final do planteamento adoita romperse a harmonía que o arrodea e aparece o conflito.

NÓ

Todo conto é coma a vida, unha viaxe. No nó se desenvolve a viaxe do protagonista na procura dese obxectivo que devolva o equilibrio, que solucione o conflito, os obstáculos, os donantes...

DESENLACE

Consecución do obxectivo e premio.

ACTIVIDADES

1.-

2.- Utilizar o esquema para analizar un conto tradicional en clase, de viva voz.

Comprobar como o esquema se cumpre, pero non sempre da mesma maneira. De aí a riqueza da oralidade.

3.- Propor a construción oral ou escrita dun conto a partir da estrutura dada máis arriba e con axuda destas preguntas:

a) Quen ou que é quen protagoniza a historia? (ser humano, animal ou cousa)

b) Onde está?

c) Que lle pasa? Que problema ten?

d) Que precisa conseguir e para que?

e) Onde debe dirixirse para conseguir o que se propón?

f) Quen ou que llo impide?

g) Quen ou que axuda o protagonista a conseguir o obxectivo? (persoa, animal ou obxecto máxico)

NOTA: Lembrade que para turrar da lingua de quen conta sempre están as frases socorridas, esas que utilizamos en toda conversa cando queremos saber máis: e despois que lle pasou?

BARALLA

Crear unha baralla propia con personaxes que se saian dos estereotipos tradicionais utilizando o esquema do conto tradicional. Podemos involucrar ao departamento de debuxo.

Utilizar o modelo explicado máis arriba para elaborar historias a partir da baralla.

Existe un modelo en portugués chamado “A Arca dos Contos” Segundo este modelo as cartas estarían divididas en:

Personaxes humanos: fada, vello, princesa, bruxa, cabaleiro, anano, rei e raiña, xigante, diaño, 3 irmás, 3 irmáns.

Personaxes animais: cabalo, serpe, touro, coello, sapo, rato, lobo, aguiá, peixe, gato.

Espazos: bosque, fonte, pozo, encrucillada, montaña, gruta, porta, reino distante, xardín, ponte.

Objectos máxicos: caixa, anel, espello, chave, reloxo, sombreiro, poción máxica, capa e botas, gafas, libro.

Accións: Combater, viaxar, buscar, aprisionar, querer, saber, ousar, enmudecer, enfeitizar, esquecer.

Caracterizacións: perigoso, curioso, marabillado, tenaz, furioso, poderoso, astuto, veloz, invisible, inmortal.

Palabras-chave: tesouro, segredo, tentación, medo, sabedoría, vontade, prohibición, transformación, sacrificio, decisión.

Podemos manter esta división ou elaborar a nosa baralla baseándonos no modelo dado. Unha variación sería a de utilizar os elementos do conto como categorías para a creación das cartas. Así teríamos:

Protagonista: persoa, animal ou obxecto.

Antagonista: persoa, animal ou obxecto.

Obstáculo: persoa animal ou obxecto, por exemplo: inimigo, dragón, espada cravada na rocha.

Axuda: persoa, animal ou obxecto. Exemplos: fada madriña, gato con botas, unha capa, unha chave, una lámpada, un xenio

Espazo.

Conflicto co seu obxectivo lóxico: pobreza (conseguir estabilidade económica, tesouro...); enfermidade (sandar á persoa enferma, buscar un remedio); roubo (devolución); encantamento (desencantamento); ignorancia (adquirir sabedoría, transformación)

Existe tamén un dado que se usa para elaborar contos a partir destes parámetros.

APROVEITAR ERROS NOS EXAMES PARA CREAR HISTORIAS

Elaborar a nivel particular un pequeno dossier onde xuntariades erros imaxinativos recollidos en exames ou traballos. Facer a partir deles propostas en clase para elaborar contidos creativos. Exemplo:

Aníbal foi un xeneral cartilaxinoso: como sería un xeneral cartilaxinoso? como se movería? Que faría? Que nome tería?...

Unha proposta a maiores para que fagades con ela o que queirades:

Animais que se disolven en auga!!! A que categoría de animais pertencerían? Cales serían os seus costumes? Que farían os días de chuvia? Onde vivirían?...

NOTA: É convinte que non utilicedes nunha clase erros que cometera o alumnado da mesma coa fin de evitar conflitos ou malas interpretacións. Mellor que o alumnado descoñeza a orixe da proposta.

MITOLOXÍA

A mitoloxía é unha maneira increíble de profundar na multiculturalidade e indagar nas maneiras que teñen de contar o mundo en distintas rexións do mundo.

EN GALEGO

Hai pouco material sobre mitoloxía na nosa lingua en especial adaptado para a rapazada:

Reigosa, Antonio: *Dicionario dos seres míticos galegos*, Xerais (dicionario ilustrado agradable para a cativada a partir dos nove anos)

Vaqueiro, Vítor: *Mitoloxía de Galiza*, editorial Galaxia

Gago, Manuel: *Vento e chuvia .Mitoloxía da antiga galaecia*, Xerais (as ilustracións de Manel Cráneo, próximas ao cómic, fan este libro interesante para a cativada a partir de 10 anos, en especial para a ESO)

Homero: A odisea, Consello da Cultura galega (adultos)

Teijeiro Rey, Xoan Xosé: Seres galegos das augas. Mitoloxía comparada, editorial Toxosoutos.

Ovidio: Metamorfoses, editorial Galaxia. (adultos)

EN CASTELÁN

Todas adaptadas para a rapazada

De Morães, Thiago, *Atlas de mitos*, editorial Harperkids

Europa

Griott, Ana: *Geografía mágica*, editorial Siruela

Alonso, Ana: *Cuentos y leyendas de los árboles*, editorial Anaya

Ovidio: *Las metamorfosis* de Ovidio, editorial Anaya

Sutcliff, Rosemary; *Las aventuras de Ulises*, Vicens vives

Manzano, Eva: *Mitos Nórdicos*, editorial Nórdica infantil.

África

Griott, Ana: *El dragón que se comió el sol*

Griott, Ana: *Los cuentos del conejo*

Degl'Innocenti, Fulvia: *Mitos y leyendas de África*, editorial Gribaudo

América:

Sánchez Aguilar, Agustín: *Las historias más bellas de la mitología americana*, editorial Gribaudo

Árabe

Anónimo: *Las mil y una noches*, editorial Anaya

LIBRO

ADIVINAR A HISTORIA

Con este exercicio trabállase:

- O contacto co libro.
- A creación de historias.
- La escoita.

- A lectura.
- A expresión verbal.

Descrición:

- Propor unha morea de libros para a escolla. Ter coidado de que na portada non apareza máis cá ilustración e o título, isto é que non haxa explicación que poida adiantar o seu contido.
- Deixar moi claro aos participantes que deben coller do montón un exemplar quen non leran antes e, **IMPORTANTE**, deixar claro que non deben abrilo ata que se lles diga.
- Convidar a cativada a que observe sen présa o libro, a que o goce a través dos sentidos, fixándose nos detalles, as cores, o olor, o tacto que ten.
- Invitalos a que expliquen a impresión que lles causou o libro, que lles suxiren as cores, o título, que foi o que lles chamou a atención cando o escolleron, que digan un par de adxectivos que o defina, como ole
- Proporlles que elaboren unha historia a partir da portada e das suxestións do libro, a que imaxinen o que conta no seu interior.
- Mentres conta a historia cadaquén ensina cadansúa portada ao resto. Ao rematar os demais poden dar a súa opinión: prodúcelles o libro a mesma impresión.
- Unha vez contados todos os contos, deixar que abran os libros e comprobén se concordan en algo as historias. Pode que consideren a súa máis suxestiva cá que se conta, deixarlles dar a súa opinión.
- Posibilidade de que alguén se sinta atraído por algún dos libros dos que se comentaron durante a actividade.

LIBROS DE TEMÁTICA ARRISCADA

Sexo:

Maricuela: ***Montañas na cama***, editorial OQO (libro tamén válido para infantil)

Morte:

Brami, Elisabeth: ***Como todo lo que nace***, editorial Kókinos (libro tamén válido para infantil)

Erlbruch, Wof: ***El pato y la muerte***, editorial Bárbara Fiore

Costas, Leticia: ***Escarlatina a cociñeira defunta***, editorial Xerais.

Bowley, Tim: ***Jack e a morte***, editorial Kalandraka.

Guerra:

Carballeira, Paula: ***O principio***, editorial Kalandraka (libro tamén válido para infantil)

Pedrosa, José Manuel: ***Mitos y cuentos del Exilio en Ruanda***, Sendoa editorial, biblioteca Mítica, 2001

Teller, Janne: ***Guerra***, Planeta de Libros

Popov, Nikolai: ***Por que?***, Editorial Kalandraka

Satrapi, Marjane: ***Persépolis***, Editorial Reservoir Books

VVAA: ***Escritos en la guerra***, Editorial Kalandraka.

Violencia de xénero:

Martín, Daniel: ***El monstruo***, editorial Lóquez

Diversidade funcional:

Pita, Charo: ***La carrera***, editorial Malas Compañías. (libro tamén válido para infantil)

Varios:

Liao, Jimmy: ***Hermosa Soledad***, Bárbara Fiore editora

Liao, Jimmy: ***El sonido de los colores***, Bárbara Fiore editora

Pita, Charo: ***Velliñas***, editorial OQO

Darabuc: ***Tres han de ser?*** Editorial OQO

Quintia, Xerardo: ***Titiritesa***, editorial OQO

Barros Fernández, Nee: ***Identidade***, Editorial Galaxia

FILOSOFÍA

O pracer de debater nunha biblioteca inclusiva

Recoméndovos para isto as caixas guía de filosofía visual de Wonder Ponder:

Mundo Cruel

Yo, persona,

Lo que tú quieras

Pellízcame

CORO LECTOR

Enlaces a exemplos de coro lector (a capacidade rítmica e imaxinativa da persoa que dirixa o coro pode crear propostas a maiores, distintas e orixinais):

https://www.youtube.com/watch?v=ui0ym_oDwIs

<https://www.youtube.com/watch?v=YSpZNbF8xTY>

<https://www.youtube.com/watch?v=YMCiUq0wzW0>

<https://www.youtube.com/watch?v=xKpATglWPz0>

ANOTACIÓNS FINAIS

Todos estes datos que vos mando, teñen que ser investigados e sometidos ao voso criterio persoal, atendendo as necesidades precisas de cada grupo de alumnos e aos vosos gustos particulares.

BIBLIOGRAFÍA XERAL

ESCOLMA DE CONTOS TRADICIONALES

GALAXIA

- Maruxa Barrio: Contos Populares (Biblioteca Básica da Cultura Galega).
- X.M. González Reboredo: Lendas Galegas de Tradición Oral (Biblioteca Básica da Cultura Galega)

XERAIS recomendables para interesados no conto tradicional galego

- Reigosa, Antonio: Diccionario dos Seres Míticos Galegos
- Reigosa, Antonio: Contos Colorados. Narracións Eróticas da Tradición Oral Galega
- Reigosa Antonio: Contos Marabillosos I, II
- Reigosa Antonio: Arrepíos e outros Medos: Historias Galegas de Fantasmas e de Terror
- www.galiciaencantada.com (Enciclopedia da fantasía popular galega)

NIGRATREA recomendables para interesados no conto tradicional

- Camiño Noia Campos: Contos Galegos de Tradición Oral

Moi recomendables para interesados no conto tradicional galego

ANAYA

Afanasiev Cuentos Populares Rusos (4 volúmenes)

Hermanos Grimm: Cuentos Completos (4 volúmenes)

SIRUELA

Con respecto aos contos tradicionais botar unha ollada á colección de Las Tres Edades, Biblioteca de Cuentos del Mundo. Aquí podes atopar contos e mitos de distintas partes do mundo. Interesantísima colección

- Calvino, Italo: Cuentos populares Italianos
- De Prada Samper, JM: Cuentos de las tierras altas escocesas
- Herreros, Ana Cristina: Cuentos populares del mediterráneo
- Briggs, Katharine: Cuentos populares británicos

OLAÑETA

- Yeats, W : Leyendas folklore irlandeses

VALDEMAR

- Cuentos populares ingleses

CÍRCULO DE LECTORES

- Carrière, JC: El círculo de los mentirosos

KALANDRAKA

- Bowley, Tim : El rey oso blanco
- Bowey, Tim: No hay escapatoria

IMPEDIMENTA:

Carter, Ángela: Cuentos de hadas (unha escolma moi particular e algo transgresora)

Práctica da narración oral:

- Carballeira, Paula: E continuaremos a contar, Através editora
- Ortiz, Estrella; Contar con los cuentos, EDITORIAL PALABRAS DEL CANDIL
- Ortiz, Estrella: Contar con la poesía, ed. Palabras del Candil.
- Pelegrín, A.: La aventura de oír; cuentos y memorias de tradición oral..
- Bovo, A M: Narrar, oficio trémulo, ed. Atuel
- Rodari, Gianni: La gramática de la fantasía, ediciones del Bronce
- Martín Taffarel, Teresa: El Tejido del Cuento, Ed. Octaedro.
- Propp, Vladimir: morfología del cuento tradicional, ed. Akal.
- Propp, Vladimir: Las raíces del cuento popular
- Urien, Héctor: La narración fractal, ed. Palabras del candil
- Mateo, Pepito: El narrador oral y el imaginario, ed. Palabras del candil
- Campanari, José: El anfitrión, el cocinero y el arte de contar historias de viva voz, ed. Palabras del candil.
- Sanz, Ignacio: El lector engatusado, ed. Palabras del candil.

Sobre o conto

- Prat Ferrer, JJ: Historia del cuento tradicional, ed. Palabras del candil
- Martín Garzo, Gustavo: Una casa de palabras, ed. Océano
- Caro Baroja, Julio: De los arquetipos y leyendas, ed. Istmo
- Havelock, Erick: La musa aprende a escribir
- Ong, Walter: Oralidad y escritura, ed. Fondo de cultura económica
- Del Rey Briones, Antonio, El cuento tradicional, ed. Akal.
- Campbell, Joseph: El héroe de las mil caras, ed. Fondo de cultura económica.

NOVELAS RELACIONADAS CON CONTOS OU MITOLOXÍA

- Aleixandre, Marilar: A filla do Minotauro, editorial Galaxia
- Schami Rafik: Los narradores de la noche, editorial Siruela.
- Carballeira, Paula, Smara, Kalandraka
- Tolkien: O señor dos Aneis, Edicións Xerais
- Lancelyn Green, Roger: El rey Arturo y los caballeros de la Tabla Redonda, ediciones Siruela
-

Como seguramente xa saberedes nas editoriais OQO, Kalandraka, Kókinos poderedes atopar unha morea de contos coa estrutura propia da tradición oral para a rapazada máis pequena

BIBLIOGRAFÍA CHARO PITA

Próxima publicación 2022:

Retratos en branco e negro, editorial Galaxia, (libro relatos adultos)

Valentina Nunca Calas, e o Monstro da Media Cara editorial OQO (álbum infantil)

2021: *Andar aos biosbardos*, editorial Galaxia (colección de contos infantil)

2021: ***O cuarto de Jane***, Editorial Caldeirón (premio poesía erótica Illas Sisargas)

2018: *No país do vento*, Sonárbore, editorial Galaxia (álbum musical ilustrado por Óscar Villán, para facer coreografías e cantar e bailar)

2019: ***Bochorno***, relato para adultos publicado no volume colectivo *A secreta melancolía da garza*, ed. Galaxia.

2019: ***Bruxas***, relato para adultos publicado no volume *Relatos da Ulloa*, ed. Gadisa.

2018: ***No país do vento***, colección Sonárbore, ed. Galaxia (libro - disco)

2017: ***La carrera***, ed. Malas Compañías (álbum ilustrado, premio La gente con autismo también cuenta).

2016: ***Oxalá estiveses aquí***, ed. Galaxia (novela infantil)

2015: ***El ratón que quería un palacio***, ed. Malas Compañías (álbum ilustrado).

2014: ***Estamos no Verán***, ed. Galaxia (novela-disco).

2014: ***Quen pode vencer o vento?***, ed. OQO (álbum ilustrado.)

2013: **A Rúa da Tixola**, ed. OQO (álbum ilustrado).
2012: **Grazas**, ed. La Fragatina (álbum ilustrado).
2010: **Maxia**, ed. OQO (álbum infantil).
2009: **Velliñas**, editorial OQO (álbum infantil).
2009: **O arco da vella**, editorial xerais, colección Merliño (álbum infantil).
2006 : **A la Sombra del cuento**, (colección de relatos para adultos), ed. Palabras del Candil.
2006: **Alguien de Alguna Parte**, ed. Brosquil, álbum ilustrado.
2002: **Desde Arcadia para Govinda**, ed. Espiral Maior, (Premio Espiral Maior de poesía 2001).
2001: **Igor**, ed. Kalandraka (álbum ilustrado).

ARTÍCULO SOBRE O SILENCIO CHARO PITA:

<https://narracionoral.es/index.php/es/documentos/articulos-seleccionados/23-y-sin-embargo-silencio>

CURTA

Curtametraxe de animación feita a partir do libro Alguén de Algures da editorial Brosquil:

<http://vimeo.com/23730208>

WEBS DE ARTISTAS PLÁSTICOS QUE UTILIZAN O LIBRO COMO MATERIA CREATIVA

<http://www.titerescachirulo.com/librosfantasticos/>

www.mikestilkey.com

CURTA DE JIMMY LIAO : Un peixe cun sorriso

<http://www.youtube.com/watch?v=haUYU037UmI>

Grazas pola vosa participación no curso. Seica falta algunha das cousas das que falamos. Este resumo queda dalgún xeito como base para continuar explorando e investigando. Déixovos o meu email e o meu móbil para o que podades precisar. Se vedes que falta algo importante, decídemo que reviso o feito e o engado inmediatamente. Apertas.

Charo Pita: charopitasilvestre@gmail.com

Tfno: 678852947

E vai tamén un poema tradicional para bailardes:

Unha vella tiña un can
debaixo da cama onde ela durmía.
Cando a vella acordaba,
o can ladraba
e a vella dicía:
mal raio te parta, can,
que mal agradeces o pan que che dan.

Unha vella tiña un gato

debaixo da cama onde ela durmía.
Cando a vella acordaba,
o gato miañaba
o can ladraba
e a vella dicía:
mal raio te parta, can,
que mal agradeces o pan que che dan.

Unha vella tiña un cabalo
debaixo da cama onde ela durmía.
Cando a vella acordaba
o cabalo rinchaba,
o gato miañaba
o can ladraba
e a vella dicía:
mal raio te parta, can,
que mal agradeces o pan que che dan.

Unha vella tiña unha ovella

debaixo da cama onde ela durmía.

Cando a vella acordaba

a ovella meaba

o cabalo rinchaba,

o gato miañaba

o can ladraba

e a vella dicía:

mal raio te parta, can,

que mal agradeces o pan que che dan.

Unha vella tiña un cocho

debaixo da cama onde ela durmía.

Cando a vella acordaba

o cocho roñaba,

a ovella meaba

o cabalo rinchaba,

o gato miañaba

o can ladraba

e a vella dicía:

mal raio te parta, can,
que mal agradeces o pan que che dan.